Literatura

ELAS
PRE-
SEN-
TES



Elas Presentes é un proxecto impulsado por Berrobambán e contou co apoio a proxectos singulares de especial interese cultural da Área de Cultura da Deputación da Coruña.

Publicación:
Decembro 2018

Texto:
Maria José Jiménez

Deseño e maquetación:
Nadina Gráfica

Revisión lingüística:
Lara Rozados

Revisión de xénero:
Maria Rosendo

Coordinación xeral:
Miriam Rodríguez
Maria Rosendo

Fotografía *Filosofar a paus*:
Mika Audiovisual

Créditos das imaxes:

Páxinas: 11 e 14: Santos Díez e Eduardo Castro Bal. Asociación de Escritores en Lingua Galega / 18: *Carolina Coronado*, Federico de Madraz. Colección Museo del Prado / 20: *Cecilia Böhl de Faber (Fernán Caballero)*, Valeriano Bécquer. Museo del Romanticismo / 21: Luis Sellier / 22: revistaleer.com /24: Mariusz Kubik / 33: Studio Harcourt, 1944.

Arquivo:
archive.org/details/@elas_presentes

Neste espazo proporciónanse copias de todos os enlaces de internet presentes nesta unidade co obxectivo de garantir a súa dispoñibilidade. Do mesmo xeito, tamén se inclúen outros materiais relacionados con esta e outras materias que poden ser de interese, e se incluirá aquel material que sexa remitido polos centros escolares como documentación do traballo realizado nas aulas.

Síguenos
ElasPresentes

Contacto:
elaspresentes@berrobamban.com



Índice

Introdución

Elas Presentes ten como obxectivo facilitar no ámbito escolar o tratamento da igualdade, e analizar criticamente a invisibilidade das mulleres ao longo da historia desde unha perspectiva global, abranguendo unha boa parte das materias presentes no curriculo de secundaria.

Elas Presentes ten como punto de partida a representación da peza teatral *Filosofar a paus* aproveitando o carácter lúdico, a identificación do público e a capacidade de xerar un discurso crítico propio do teatro. A obra afronta de xeito directo a problemática da igualdade de xénero poñendo ao descuberto como algúns dos filósofos máis recoñecidos, presentes no curriculo das materias filosóficas, contribuíron coas súas ideas a construír o discurso dominante do patriarcado, que descualificaba ás mulleres reducíndoas en exclusiva ao papel de nais e esposas submisas. E ao tempo desvela que a pesar diso, a pesar dos paus que recibían ou os que colocaron no seu camiño, existiron mulleres filósofas que se rebelaron, pero cuxa memoria foi borrada baixo a influencia daquel discurso dominante.

Malia o que se poida pensar sobre a especificidade temática da peza, a realidade é que o fondo do asunto é xeral, é dicir, que as razóns que se explicitan na peza son as mesmas para que se producise a invisibilidade das mulleres noutros campos científicos e artísticos. Para facilitar o tratamento desta temática nas aulas *Elas Presentes* propón unha batería de unidades didácticas orientadas a todas as áreas presentes no currículo de secundaria: filosofía, ciencias, lingua e literatura, artes e cultura visual.

Queremos que a educación dos nenos e nenas conte a verdadeira historia das vidas das mulleres, que describa a terra como un fogar que é preciso coidar, que debe ser alimentado na mesma medida en que se colleita.

Grace Paley

La importancia de no entenderlo todo,
Ed. Círculo de tiza (2016)

Xustificación:

No currículo básico da ESO e do Bacharelato (RD 1105/2014) identifícanse os valores transversais que deben ser contemplados en todas as áreas e materias. Entre eles, atópase a promoción da igualdade plena entre homes e mulleres (cap I, 6,2). Estes mesmos valores aparecen recollidos no Decreto 6/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A experiencia indica, con todo, que a dimensión excesiva dos contidos curriculares das propias materias conduce con frecuencia a que o traballo con estes valores acabe sendo sacrificado en favor dos contidos específicos de cada unha delas.

Priorizamos os contidos e exemplificacións do ámbito galego, pois non podemos esquecer a situación de minorización da lingua galega. O mesmo decreto 86/2015, do 25 de xuño, xa establece no Anexo 3. Bloque de materias de libre configuración autonómica (Lingua galega e Literatura) o seguinte: «é preciso favorecer o uso e aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar».

Pretendemos daquela, contribuír á erradicación de dous prexuízos moi estendidos na nosa sociedade: aquel que considera a lingua galega como lingua inferior e aqueloutro que considera o masculino o hexemónico e invisibiliza e silencia o feminino.

Sabemos que os prexuízos arraigan fondamente e non son fáciles de arrincar, pero o papel da ou do ensinante ha de ser, sempre, poñer todo o seu empreño e mais o do seu estudantado para tratar de conseguilo.

Metodoloxía:

Alumnado:

4º — ESO
1º-2º — Bach.

Tendo en conta que a temporalización nos cursos aos que vai referida esta unidade é de catro horas semanais, e que se propón un amplo abano de actividades referidas a catro dos bloques de contido da materia, podemos adicarlle unha semana á realización das mesmas. Con todo, o tempo adicado sempre estará en función do que o profesorado considere, e mesmo pódese facer unha escolla das actividades sen chegar a traballalas todas. Non esquecemos que o que aquí traemos só é unha proposta de traballo.

Partimos da necesidade de establecer unha metodoloxía dinámica na que o papel do alumnado sexa activo e decisivo na resolución das tarefas. Eles e elas serán protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe, fomentando a súa autonomía.

O traballo en grupo é fundamental na maior parte das propostas, e o resultado deste traballo comunal plasmarase na resolución dos temas formulados.

O emprego das novas tecnoloxías faise hoxe en día case inevitable, mesmo na procura de datos ou solucións que se poderían atopar en formato libro. Aceptamos este feito, pois somos conscientes do material que estas nos poden ofrecer, pero tamén apoiamos as pescudas (léxico, información de autores e autoras,...), que poden ser puntuais, en libros e enciclopedias. Daquela, apuntamos a posibilidade de realizar parte deste traballo na biblioteca do centro, pois esta sempre nos fornecerá deste material.

Contidos:

Esta unidade didáctica, pretende achegar a problemática da ocultación das mulleres no ámbito da creación literaria, as dificultades destas para realizaren o seu traballo creativo así como a situación de indefensión en tantos casos ante a supremacía do home, que acaparou sempre o primeiro plano, mesmo naqueles casos probados en que o enxeño da muller o superaba. Así mesmo, a cuestión da linguaxe sexista que vivimos a cotío merece unha reflexión e unha toma de partido a favor dunha linguaxe inclusiva. Así, centrarémonos en 4 dos 5 bloques de contidos establecidos no RD 1105/2014:

BLOQUE 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

BLOQUE 3. Funcionamento da lingua.

BLOQUE 4. Educación literaria.

Obxectivos:

Seguindo os catorce obxectivos marcados polo DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia, salientamos os seguintes:

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición [...]

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas [...] e rexeitar os comportamentos sexistas[...]

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos das culturas e da historia propias e das outras persoas [...] Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

En canto á materia específica de Lingua e Literatura, este mesmo decreto establece que as materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás dunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos, e favorecer a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

Competencias Clave:

Das sete competencias básicas que contempla o currículo de secundaria e bacharaleto, recollemos as seis que nos van permitir aplicar os contidos traballados nesta unidade, así como a realización adecuada das actividades propostas. No apartado das actividades faremos a correlación de cada unha delas coa actividade proposta.

- **Comunicación lingüística**
- **Competencia dixital**
- **Aprender a aprender**
- **Competencias sociais e cívicas**
- **Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**
- **Conciencia e expresións culturais**

Criterios de avaliación:

A avaliación ímola estruturar segundo os bloques de contido que establecimos no apartado de contidos, e tamén avaliaremos a consecución do obxectivo marcado nos elementos transversais e que son parte fundamental deste traballo.

Así, avaliaremos a comprensión dos textos escollidos para as tarefas así como a capacidade de analizar de xeito crítico os mesmos. **Bloque 1**

Tamén a expresión escrita, tanto na corrección lingüística como na correcta expresión dos contidos. **Bloque 2**

No **Bloque 3** avaliaremos tanto o traballo a prol de aumentar o noso léxico, dende unha perspectiva de linguaxe inclusiva e equitativa, como a boa disposición cara ao esforzo que iso pode supor tendo en conta os hábitos lingüísticos aínda hoxe inzados de termos discriminatorios para as mulleres.

Por último, no bloque cinco, avaliaremos a boa disposición para co texto teatral, sendo conscientes da dobre cara que este presenta: como texto escrito e como texto representado. Tamén se avaliará a asunción da necesidade de integrar máis nomes femininos na nómina de escritores e escritoras na nosa lingua.

E, a nivel máis xeral, o profesorado avaliará a tendencia do alumnado a desbotar tanto os prexuízos lingüísticos como os que teñen que ver co xénero, en calquera unha das facetas da súa vida.

Conclusión:



Si el panorama era difícil para la realidad lingüística de las culturas periféricas, incluída la gallega, lo era lógicamente en grado mayor para las escritoras que pretendían hacerse un lugar en su lengua y en su país

ÁNXELES PENAS[1]

A literatura galega é das poucas que ten como voz fundacional a unha muller. Cando se fala de Galicia ou do galego, fálase de Rosalía de Castro. A poeta, narradora, pensadora galega é quen, coa súa voz lírica, representa a identidade galega e as condicións históricas que a determinaron, e fixo, de xeito pioneiro, unha crítica da situación de opresión que padecían o pobo galego e, particularmente, as mulleres.

1 PENAS, ÁNXELES, «La literatura de mujeres en Galicia», Centro de documentación da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, [consulta: 20 novembro 2018].

Actividades:

Lembrade enviarnos os enlaces, fotos e todo o material que estimedes sobre as vosas actividades, para o seu arquivo e difusión a través do espazo do proxecto en Archive.org e o Facebook do mesmo.

elaspresentes@berrobamban.com

Lembro cunha certa carraxe aqueles comentarios dos 90 de que «iso das mulleres era unha moda» ou «unha estratexia de marketing»... As mulleres non están de paso na literatura, viñeron para quedar.

DOLORES VILAVEDRA[2]




2 LORENZO GIL, CÉSAR: «Dolores Vilavedra: 'A literatura galega actual quedou sen líderes de referencia'», Biosbardia, 10 de marzo do 2014, [consulta: 20 novembro 2018].

A unidade didáctica está pensada para ser temporalizada en cinco sesións, coa duración dunha clase cada unha (45/50 min), e a seguinte estrutura: unha sesión preparatoria inicial, previa á asistencia á representación, e catro posteriores, centrada cada unha delas nun dos catro bloques de contido propostos.

Inclúese unha actividade complementaria que ten como obxectivo difundir ao resto da comunidade escolar o traballo realizado na aula.

Naturalmente, esta proposta pode e debe ser adaptada de acordo coa dinámica propia do centro, da materia e de cada grupo-clase, reducindo ou ampliando o tempo de desenvolvemento en función da adaptación ás necesidades.



Actividade 1

Anexo 1
Filosofar a paus

Resumo do contido da obra que van ver.

Tratamos de dar resposta a estas cuestións:

→ Cita o nome de catro autoras da literatura galega.

→ Cita catro nomes de autores da literatura galega.

→ A cantas mulleres lles foi adicado o Día das letras Galegas dende maio de 1963?

→ A cantos homes?

→ Cita catro mulleres que foran galardoadas co Premio Nobel de Literatura.


→ Cita o nome de catro homes.

→ Cita o nome de tres obras literarias escritas por homes ata a actualidade.

→ Cita o nome de tres obras literarias escritas por mulleres ata a actualidade.

→ Recolle o nome das persoas mencionadas no programa da túa materia como principais representantes de cada movemento literario.

→ Cantas son mulleres?



Reflexionamos, despois de contestar as preguntas, sobre as respostas dadas, sobre a dificultade de contestalas, sobre as razóns que poden xustificar algunhas das respostas...

Actividade 2

Despois da representación

Diálogo aberto entre o alumnado sobre a recepción da obra. Para facilitar o diálogo podemos propoñer as seguintes cuestións:

BLOQUE 1.
Comunicación oral. Escoitar e falar.

- → Cal foi a recepción da obra (gustou si/non. Por que?)
- → Analizamos a composición da obra canto á súa estrutura: exposición, nó e desenlace.
- → «O teatro dentro do teatro»: os personaxes «reais» e aqueles a quen «representan».
- → Identifican claramente cando son uns ou son outros?
- → Que signos axudan a identificar eses cambios?
- → Deses signos, cales son textuais? Cales son escénicos?
- → Baseándonos en todo isto, cantas liñas de acción poderiamos establecer? Dúas, catro ou tan só unha?
- → Sería clasificable a obra dentro dos cánones clásicos de traxedia, comedia ou drama
- → Reflexionamos sobre o texto teatral: texto literario por unha banda, texto para ser representado, por outra.
- → O teatro como unha visión da vida destinada á representación en escena.

Unha vez tratadas estas cuestións, pódese retomar o debate que se establece na sesión previa ao visionado da obra, sempre e cando o tempo estimado para esta actividade o permita.

[...] puede suprimirse el nombre de una escritora en la literatura contemporánea, sin que su mengua produzca la menor turbación en el sereno horizonte del arte, porque las escritoras somos una exuberancia del siglo XIX.

Carolina Coronado, (1862)



Actividade 3

BLOQUE 2.
Comunicación escrita. Ler e escribir

Os textos escollidos para esta actividade son textos escritos por mulleres que fan referencia á dobre condición de mulleres e escritoras. Son moitos máis os textos escritos por mulleres que fan referencia á condición de muller, pero a nosa proposta quería centrarse naqueles en que a poeta reflexiona sobre a súa condición de poeta muller. E pretendemos que coa lectura dos mesmos se visualice esa conclusión patriarcal contra a que se rebelan todos eles: as mulleres han adicarse a outras cousas, nunca a escribir ou, alomenos, como moi ben di Rosalía, non a escribir sobre calquera tema.

Cada un deles aborda o tema de diferentes maneiras, con diferentes tons, mais todos han servir para testemuñar a dura condición das mulleres escritoras que permita dar ao noso alumnado unha visión do que supuxo e supón ser muller e escritora.

Ofrecemos esta breve antoloxía con algún apuntamento para cada un dos textos, co ánimo de que sexa o profesorado quen tire o proveito que considere de cada un deles.

A actividade, finalmente, e consonte a este apartado de Ler e escribir, consistiría en facer un comentario crítico atendendo ás pautas que rexen a elaboración do texto argumentativo sobre o tema común a todos eles: a situación da muller escritora.

Facemos unha lectura común e comprensiva dos mesmos, para posteriormente e, xa de xeito individual, escoller dous deles e facer un comentario crítico que valore os contidos expostos neles e o ton en que se expresan (irónico, reivindicativo, humorístico...)

Cada texto leva algún comentario que só pretende axudar á reflexión sobre o mesmo.

Texto 1

Rosalía de Castro. Dedicatoria do seu libro *Cantares Gallegos* a Fernán Caballero (pseudónimo de Cecilia Bölh de Faber).



Cecilia Bölh de Faber

A Fernán Caballero

Señora:
Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía, dedico a usted este pequeño libro. (...)

Santiago, 17 de mayo de 1863

- → Hai dous motivos para a dedicatoria: ser muller e autora de novelas.
- → Por que estes feitos son tan importantes para a autora?
- → Fernán Caballero é un pseudónimo. A que nome real pertence?
- → Por que a muller agacha o seu nome baixo un nome masculino?
- → Revisamos outros casos de mulleres que escribisen baixo pseudónimo masculino.
- → Hai dous motivos para a dedicatoria: ser muller e autora de novelas. Por que pensas que é relevante a primeira?

Texto 2



Rosalía de Castro

Rosalía de Castro. Primeiro poema de «Vaguedás», primeiro libro de *Follas Novas*, 1880.

Daquelas que cantan as pombas i as flores
todos din que teñen alma de muller.
Pos eu, que n'as canto, Virxe da Paloma
ai!, de que a terei?

→ Rosalía reflexiona sobre os prexuízos en canto aos temas que se supón que debe tratar unha muller nas súas obras, polo feito de ser muller.

Texto 3

Carolina Coronado, en *Poesías*, 1852

La poetisa en un pueblo
¡Ya viene, mírala! ¿Quién?
-Esa que saca las coplas.
-Jesús, que mujer tan rara.
-Tiene los ojos de loca.
Diga V. Don Marcelino,
será verdad que ella sola
hace versos sin maestro?
(...)
Más valía que aprendiera
a barrer que a decir coplas.
-Vamos a echarla de aquí.
-¿Cómo?-Riéndonos todas.
(...)
Ja,ja,ja,ja,ja,ja.
Ya mira, ya se incomoda,
Ya se levanta y se va....
¡Vaya con Dios la gran loca!

→ Como é caracterizada esta muller que «ousa» facer coplas?

→ Que debería facer no lugar de facer coplas?

Texto 4


Gloria Fuertes

Gloria Fuertes, en *Obras incompletas*, 1975.

No dejan escribir

Trabajo en un periódico
pude ser secretaria del jefe
y soy sólo mujer de la limpieza.
Sé escribir, pero en mi pueblo
no dejan escribir a las mujeres.
Mi vida es sin sustancia,
no hago nada malo. (...)

→ Os versos catro e cinco manifestan a clara prohibición da escrita ás mulleres como xa expresaba no anterior poema a poeta Carolina Coronado, un século antes. Pódese dicir que nada mudaron as cousas?

Texto 5

Rosalía de Castro «Las literatas. Carta a Eduarda» (Artigo publicado por primeira vez no Almanaque de Galicia de Lugo, 1865).

Sobre todo los que escriben y se tienen por graciosos, no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y repasar los calcetines de sus maridos, si lo tienen, y si no, aunque sean los del criado. Cosa fácil era para algunas abrir el armario y plantarle delante de las narices los zurcidos pacientemente trabajados, para probarle que el escribir algunas páginas no la hace a todas olvidarse de sus quehaceres domésticos, pudiendo añadir que los que tal murmuran saben olvidarse, en cambio, de que no han nacido más que para tragar el pan de cada día y vivir como los parásitos.

→ Rosalía fala nesta carta a unha interlocutora, Eduarda. Mesmo podería corresponderse cunha carta póstuma á irmá de Eduardo Pondal, falecida prematuramente a mediados do século XIX, da obriga das mulleres coas cousas da casa

e mais da necesidade de abandonar a «pluma» por non descoidalas. Parece un tema recorrente: «muller aos seus labores» (entre os que non se conta o de escribir!).

Texto 6

Gloria Fuertes, en *Historia de Gloria*, 1980.

Gracias, amor

Gracias, amor
por tu imbécil comportamiento
me hiciste saber que no era de verdad eso de
«poesía eres tú».
¡Poesía soy yo!

→ A poeta xoga coa metaliteratura, a intertextualidade. O poema de onde sae o cuarto verso é dun recoñecidísimo poeta do S. XIX. Pensa sobre isto e a intencionalidade que pode haber detrás.

Texto 7

Ana Romaní, en *Das últimas mareas*, 1994.

Rosalía de Castro, Emily Dickinson, Edith Södergran...
Procuramos no fondo da entraña
tódalas sombras da pantasma,
o desterro da bruxa....
a soidade da princesa....

a derrota da amazona....

Deixamos pegadas de sangue
nas alleas terras da palabra.

→ Ana Romaní titula o seu poema co nome de tres grandes poetas, co que converte xa o poema nun canto á muller poeta.

Ana Romaní



→ A bruxa, a princesa, a amazona en situacións diferentes ás que as caracterizan.

Texto 8

Wisława Szymborska, en *El gran número*, 1976.

Alabanza de la hermana
Mi hermana no escribe poemas
y dudo que de repente empiece a escribir poemas.
Lo tiene de la madre, que no escribía poemas,
y del padre que tampoco escribía poemas.
Bajo el techo de mi hermana me siento segura:
el marido de mi hermana no escribiría poemas por
nada del mundo.
(...)

→ A poeta polaca parece referirse ao feito de facer poemas dun xeito irónico: como se fose unha enfermidade que se herda (segundo iso, ela mesma tampouco podería facer poemas) e o feito de facelos restase seguridade.


Wisława Szymborska



Actividade 4

BLOQUE 2.
Comunicación escrita. Ler e escribir

Imos ao enlace aquí indicado que nos leva a un listado de cen mulleres galegas que destacaron nalgunha faceta artística, deportiva...



Iniciamos un pequeno debate:

- A cantas delas coñeciamos?
- A cantas non?
- Pensas que os homes que fixeron ou fan cousas semellantes, son máis coñecidos?
- Que nos parece esta invisibilidade? A que se pode deber?

Agora centrámonos en facer un listado só coas destacadas no ámbito da literatura:

A cantas do ámbito da literatura coñeciamos?

- De cales poñen foto/retrato? Contrástao coas empresarias, deportistas...
- Que cousas se destacan delas?

Unha vez rematado, propomos dividir a aula en grupos de dous ou tres persoas e que cada grupo faga unha ficha dunha das escritoras que aparecen no artigo. A ficha incluirá a seguinte



Nome:
Sofía Casanova

Lugar de nacemento:
A Coruña

Periodo: 1861 - 1958

Obras principais:
Fugaces, Biblioteca Gallega, 1898.

Cita/s:

Había perdido toda mi biblioteca cuando los nazis volaron mi casa, no conservé ninguno de los libros que, durante años, conformaron mi identidad y me definieron como persona, pero la barbarie no me privó de la memoria. Recitar cada uno de los versos que amé, con los que sentí, me devolvía a la vida

código QR

información: nome, lugar de nacemento, unha imaxe da súa figura, título da súa obra ou obras principais, e unha selección de citas. O obxectivo destas fichas é elaborar unha exposición no centro educativo destas autoras e das súas obras. Desta forma o alumnado se convertirá en divulgador da obra destas mulleres entre a comunidade educativa (no caso de que o número de grupos supere ao número de escritoras presentes no artigo, poden seleccionar algunhas das referenciadas nesta unidade ou na súa bibliografía).

- Completada a ficha, faremos uns carteis coas imaxes seleccionadas, acompañadas dunha cita significativa e un código QR.
- A información das fichas das escritoras estará contida nun blog ao que estarán ligados os códigos QR de cada ficha[1].
- Podemos crear unha conta de correo común para toda a clase que permita editar o contido do blog. O nome de usuario e contrasinal deben ser coñecidas por todas as persoas que compoñen a aula.
- Con esa conta de correo, crearemos o blog, en blogger.com por exemplo, que pode levar por título «Elas presentes-Nome Centro-Materia».
- Posteriormente será o alumnado quen elabore as entradas do blog coa información das fichas.
- Imprimimos os carteis a cor e, coa axuda do alumnado, colgámolos nos corredores do centro educativo.
- Se o estimamos necesario, indicaremos ao resto da comunidade educativa como poden acceder á información sobre as autoras e ás súas obras a través de códigos QR.

1 Para xerar os códigos QR utilizaremos esta páxina web. Introdúcese URL do blog en dita páxina e crea o QR.

Os lingüistas máis conservadores admiten que hai que corrixir os usos da linguaxe sexista, evitar o léxico que resulte discriminatorio e feminizar os cargos e profesións exercidos por mulleres pero, en cambio, todas as iniciativas encamiñadas a dar máis protagonismo ás mulleres na fala que afectan á gramática, suscitan controversia e non terminan de callar.

Mayte Rius[2]

2 Rius, Mayte, «El sexismo que ocultan las palabras», La Vanguardia, 07/03/2014, [consulta: 15 de novembro do 2018].

Actividade 5

BLOQUE 3.
Funcionamento da lingua

Propoñemos neste bloque algunhas actividades nas que se poña de relevancia o uso da linguaxe sexista así como valorar a necesidade de modificar os hábitos lingüísticos a prol dunha linguaxe inclusiva e equitativa.

(L.): Pódese saber que andas a remexer no meu escritorio?

(S.): Desculpe, señorita Suárez, pero temos....

(L.) Pero tío! Como señorita? Se imos falar deste tema tes que coidar un pouco a linguaxe.

(S.): Non era por...

(L.): Non era por, non era por, pero ao final...

(S.): Como te pos!

(L.): É que é bastante gracioso... Ti preguntas, e todos os homes sodes superfemenistas e tal, pero despois, á primeira... sae algo que xa debera...

(S.): Que si. Tes razón e punto! Volvemos?

(L.): Vai

(S.): Desculpe, tenente, pero temos no cuarto de interrogatorio....

Este é un fragmento do diálogo da obra *Filosofar a paus* en que o home fai uso dunha linguaxe sexista polo que se ve recriminado pola muller. A muller protagonista da peza teatral recrimina duramente o tratamento impropio, por machista, do seu compañeiro na obra cando se dirixe a ela como «señorita».

→ Ti, muller do grupo, como reaccionarías no seu lugar?

→ Ti, home do grupo, como aceptarías á recriminación da túa compañeira?

Actividade 6

BLOQUE 3.
Funcionamento da lingua

→ Comentamos en grupo o contido deste extracto do artigo de Mayte Rius[3]:

«Es unha nenaza», «Isto é un coñazo», «fillo de puta», «os nenos non choran» son expresións moi frecuentes e claramente machistas. Pero tampouco é moi igualitario dicir «teño que ir ao médico; chamarei á enfermeira para pedir hora» en todas aquelas ocasións en que non sabemos o sexo dos nosos interlocutores, ou «cando o home vivía nas cavernas...» para referirse aos seres humanos, ou «nenos, sacade os cadernos» nunha aula mixta. As palabras «tipa«, «individua» ou «zorra» seguen remitindo a conceptos que nada teñen que ver co feminino de tipo, individuo ou zorro. E é habitual escoitar en boca dunha muller «porque un pensa que...» en lugar de «porque unha pensa que...», ou mesmo ler que «un rapaz foi atracado e golpeado por uns gamberros... e a súa moza tamén resultou ferida».

→ Somos conscientes da realidade que se plasma nel?

→ Imos tratar de engadir máis exemplos do tipo dos que recolle o texto e que sexan do voso ámbito, da vosa fala cotiá.

Abrimos agora un tempo de debate e reflexión entre o alumnado, promovido por preguntas catalizadoras do tipo:

→ Temos estes termos e expresións integradas na nosa fala?

→ Somos conscientes do sexismo que carrexan? Por que? Onde o vemos?

→ Que cousas poderíamos facer para cambialos en favor dunha linguaxe máis inclusiva e igualitaria?

3 Ibídem

Actividade 7:

BLOQUE 3.
Funcionamento da lingua

Analizamos o estereotipo que se reflicte nas seguintes frases:

«O meu home axúdame moito na casa» // A miña muller axúdame moito na casa»

«Había moita xente na manifestación. Tamén mulleres e algúns nenos»

«Tocounos unha xuíza, pero actuou dun xeito moi profesional»

«Busco unha señora da limpeza/asistenta // Busco un home da limpeza/asistente»

Actividade 8

BLOQUE 3.
Funcionamento da lingua

Tratamos de completar o seguinte cadro cos termos colectivos, xenéricos ou abstractos que poden suplir ao masculino xenérico e que evitan os dobretes do tipo «homes e mulleres»; «alumnos e alumnas»;... que en ocasións poden ralentizar demasiado o discurso.

MASCULINO XENÉRICO		COLECTIVO/ABSTRACTO/XENÉRICO
Alumno	→	
Membro	→	
Profesor	→	
Candidato	→	
Reitor	→	
Cidadán	→	
Empresario	→	
Habitante	→	
Homes	→	
Autor	→	
Agredido	→	
Mozos/nenos/adolescentes	→	
Organizadores	→	
Representante	→	
Traballadores	→	

Actividade 9

Como remate deste apartado suxerimos visitar o enlace que se indica:



LA VIDA DE BRIAN
IDENTIDAD DE GÉNERO
https://www.youtube.com/watch?v=vkvMgp_7swk




Xa no ano 1979, os Monty Python, en clave irónica, facíanse eco do asunto tratado neste punto: a linguaxe inclusiva e a súa incomprensión.

A miña patria é o teatro; e os dramas,
as traxedias, as farsas, os melodramas,
os sainetes, os vodevís, milagres ou misterios,
toda a comedia humana, en fin, que alí
se interpreta, é a que eu vivo.

María Casares

Residente privilexiada[4] (1980)



4 Tradución ao galego de Ana Belén Martínez Delgado, Oleiros: Trifolium, 2009.

Actividade 10

BLOQUE 4.
Educación literaria

Reflexións sobre o texto teatral como xénero literario centrándonos na proposta que nos ofrece *Filosofar a paus*.

→ O texto teatral e as súas particularidades (texto escrito-texto para ser representado).

→ Estrutura do texto teatral.

→ O teatro dende unha perspectiva sociolingüística (o teatro galego nun contexto de lingua minorizada).

Actividade 11

BLOQUE 4.
Educación literaria

Facemos grupos e distribuimos entre estes as seguintes pescudas:

- Mulleres escritoras de teatro (nome da autora e dalgunha das súas obras). (Algunha do lugar onde viven?).
- Actrices de teatro e algunha das obras que teña representado. (Algunha do lugar onde viven?)
- Nomes de publicacións que aborden o tema do teatro galego (revistas, editoriais, prensa con sección fixa, directoras de publicacións ou de editoriais, críticas...)
- Nomes de premios teatrais e mulleres a quen se lles teña concedido.


Se algunha das mulleres nomeadas é do lugar de onde é Ço alumnado (ou próxima), poderíase tratar de localizala e convidala a dar unha charla no centro. O alumnado prepararía a sesión de presentación así como as preguntas baixo a supervisión do profesorado da materia. O resultado da actividade podería ser publicado na revista/blog/rede social do centro.

Como remate de todas estas actividades, propoñemos escoitar algunha das seguintes cancións acompañadas do visionado dos vídeos:



GUADI GALEGO
«MATRIARCAS»

https://www.youtube.com/watch?v=VSuS_pdCvSE





BANDA DA LOBA
«ANAGNÓRISE»

Sobre a novela homónima de María Victoria Moreno (1988).

https://www.youtube.com/watch?v=u-L1TgUJ6a4





MÁIS BOAS CÁS PATACAS
«SON MULLER».

Primeiro premio na categoría xuvenil do II Certame de música infatil e xuvenil Quero Cantar

https://www.youtube.com/watch?v=9O1bFgDdH3s



Bibliografía

A bibliografía que reseñamos aquí é tanto a empregada para a elaboración desta unidade didáctica como aquela que pensamos que pode ser de interese e que garda relación coa mesma. As posibilidades que ofrece hoxe a rede fan que esta semelle moi limitada. Propoñemos tamén, como parte do traballo, a ampliación da mesma por parte do alumnado con aqueles libros, revistas e páxinas web que poidan topar nas súas pescudas.

Poesía

ALONSO, FRAN (comp.), *Poetízate*, Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo, 2006.

CASTRO, ROSALÍA DE, *Obra galega completa*, Editorial Akal, 1989. Tamén temos, máis recentes, con introdución, estudo e notas de Anxo Angueira, *Cantares Gallegos* (Vigo: Xerais, 2013) e *Follas Novas* (Vigo: Xerais, 2016).

CASTRO, ROSALÍA DE, «Las literatas. Carta a Eduarda», en *Obra completa*, Fundación Rosalía de Castro, Padrón, 1996, p. 493-495, accesible en http://culturagalega.gal/album/docs/doc_16_literatas.pdf, [consulta: 15 de novembro de 2018].

CORONADO, CAROLINA, «La poetisa en un pueblo», en Noël Valis (ed.), *Poesías*, Madrid: Castalia, 1991, pp. 369-370.

CORONADO, CAROLINA, «Prólogo», en *Obras poéticas*, por Ventura Ruiz Aguilera, 1ª ed., Madrid: Imprenta Gaspar y Roig, 1862, pp. 15-24, accesible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000095348&page=1> [consulta: 27 de marzo de 2019].

FUERTES, GLORIA, *El libro de Gloria Fuertes. Antología de poemas y vida*, Madrid: Blackiebooks, 2017.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA, *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*, Vigo: Xerais, 2005.

SZYMBORSKA, WISŁAVA, *Poemas escollidos*, tradución do polaco de Lucía Caeiro, Santiago de Compostela: Positivas, 2011.

SZYMBORSKA, WISŁAVA, *Antología poética*, tradución de Elzbieta Bortklewicz, Madrid: Visor, 2016.

Narrativa

Mulleres das letras en Galicia, especial do Álbum de Mulleres, Comisión de Xénero do Consello da Cultura Galega http://culturagalega.gal/album/actividades.php?seleccion=6

Teatro

ERREGUETÉ (Revista galega de teatro), de publicación trimestral e con páxina web (https://erreguete.gal/) Dirixida por Vanesa Soltelo.

Mulleres e teatro en Galicia, especial do Álbum de Mulleres, Comisión de Xénero do Consello da Cultura Galega: http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=221

Infantil E Xuvenil

Colección Mulleres bravas da nosa historia, Urco Editora.

Queizán, María Xosé: *Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida po*los libros, con ilustracións de Ana Santiso, Vigo: Xerais, 2014.

Rodríguez, Anair, Pioneiras (Vigo: Xerais, 2018) e Pioneiras 2. Gale*gas que abriron camiño* (Vigo: Xerais, 2018).

Ensaio

ESTÉVEZ SALAZAR, FELICIA E GUILLERMINA DOMÍNGUEZ TOURIÑO, *Tres mulleres galegas de armas tomar (María Balteira, María Castaña e María Soliña)*, Santiago de Compostela: Editoral Baía, 2009.

OLIVEIRA, CHIS E AMANDA TRABA, *ám@me*, Vigo: Galaxia, 2018.

GABRIEL, NARCISO DE, *Elisa e Marcela. Amigas e amantes*. Vigo: Xerais, 2018.

Crítica E Divulgación

Plataforma de Crítica Literaria Feminista A Sega. http://www.asega-critica.net.

Álbum de Mulleres, Comisión de Xénero do Consello da Cultura Galega. Biografías e recuperación da memoria de galegas destacadas: http://culturagalega.gal/album/

A saia. Hemeroteca de Publicacións Periódicas Feministas, Comisión de Xénero do Consello da Cultura Galega http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050

Páxina web que recolle só libros escritos por mulleres. Ten un Club de lectura que funciona en distintas cidades españolas (en Vigo no Café de Catro a Catro e Librería Versus) http://latribu.info/

Páxina da Biblioteca O Coto, que mostra portadas de libros de mulleres ou relacionados con elas. https://www.pinterest.es/bibliotecaocoto/8-de-marzo-d%C3%ADa-da-muller/

Sobre a linguaxe non sexista

Páxina da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Igualdade: http://igualdade.xunta.gal/gl/content/linguaxe-non-sexista

Páxina da Universidade de Santiago de Compostela. Oficina de igualdade de xénero: http://www.usc.es/es/servizos/oix/modules/news/news_0009.html

Páxina do IES San Clemente. Obradoiro da Igualdade: https://www.iessanclemente.net/2017/06/14/linguaxe-non-sexista-lenguaje-non-sexista/

Filmografía

Teresa de Jesús (Josefina Molina, 1984)

Impromptu (James Lapine,1991)

Iris (Richard Eyre, 2001)

The Hours (Stephen Daldry, 2002)

Becoming *Jane* (Julian Jarrold, 2007)

Simone de Beauvoir. On ne nait pas femme (Virginie Linhart, 2008)

Ella(s) (David Baute, 2008)

Emilia Pardo Bazán, la condesa rebelde (Zaza Ceballos, 2011)

Huang jin shi dai (Ann Hui, 2014)

Las sin sombrero (Tània Balló, Manuel Jiménez Núñez, Serrana Torres , 2015)

La idea de un lago (Milagros Mumenthaler, 2016)

The wife (Björn Runge, 2018)

Contou Rosalía (Zaza Ceballos, 2018)

Outras Unidades Didácticas na rede

www.steg.gal/muller/25.../09/unidade_didactica_secundaria.pdf

http://www.educatolerancia.com/sexismo-recursos-educativos/

http://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-ensino-pon-a-disposicion-do-profesorado-galego-un-repositorio-de-material-para-traballar-o-25n-nas-aulas.html

Anexos

Anexo 1 *Filosofar a Paus*

***Filosofar a Paus* propón ao público resolver un enigma: A desaparición das mulleres da historia da filosofía. Con ese obxectivo, un actor e unha actriz convocarán en escena a presenza de figuras como Hiparquía a cínica ou Simone de Beauvoir, mais tamén interrogarán a filósofos como Aristóteles, Hume ou Rousseau.**

Entre o thriller detectivesco, a aventura de superheroes —e superheroínas— e o cinema de epidemias, *Filosofar a Paus* proponse convidar ao público a desenvolver a súa propia aventura: a de pensar de forma crítica sobre o silencio, cando non as mentiras, aos que a «gran filosofía», a que se estuda nos manuais de Historia da Filosofía, someteu as mulleres.

Filosofar a Paus é un espectáculo teatral pensado para dirixirse ao público adolescente e con ese fin utiliza unha serie de recursos específicos para esas idades: o seu estilo ameno e divertido, a utilización dunha linguaxe directa, o uso de referentes culturais actuais, unha interpretación fresca e sen complexos e un elenco formado por unha actriz e un actor familiares para o público xuvenil.

Estruturada como un falso *work in progress* no que se afronta a creación dun espectáculo teatral sen partir dun texto preconcibido, senón cun concepto ou unha tese previa como orixe, *Filosofar a paus* mostra, por tanto, certas claves da creación contemporánea como son a investigación artística ou a ruptura das convencións teatrais. Esta última cuestión é a que toma maior relevancia e serve como gancho para un público adolescente que está moi acostumado, a través de produtos audiovisuais, a relatos fragmentarios con continuas rupturas da acción. Este recurso é básico para crear ese ambiente de frescura

e improvisación necesario para dar a impresión ás persoas que asisten ás representacións, de que non se está a seguir un guión marcado, de que calquera cousa pode acontecer sobre o palco. Falamos pois da continua creación de expectativas, ou o que é o mesmo, do mantemento do interese dun auditorio que vai descubrindo ao tempo que o propio elenco as conclusións do espectáculo.

Pero estas interrupcións e saltos na trama teñen tamén un valor temático ao permitiren establecer un diálogo entre os dous planos presentes na peza: o actor e a actriz e os personaxes que interpretan. A través dese diálogo introdúcense cuestións transversais como os límites do humor, a importancia da linguaxe inclusiva ou a aparición de machismos sutís nas nosas actividades cotiás.

Así *Filosofar a Paus* conta a historia dunha rapaza e un rapaz que pretenden facer un espectáculo teatral co obxectivo de demostrar o seguinte siloxismo:

> «Os homes e as mulleres son iguais en canto á súa capacidade para pensar. Logo, se os homes ao longo da historia procuraron a través da filosofía o descubrimento da súa esencia, tamén as mulleres puideron e poderán facelo.»



Para o seu razoamento, crearán tres escenas tomando como base as ideas presentes na estrutura conceptual que Virginia Woolf utilizou no seu texto «Un cuarto de seu», e que na peza teatral serían: que di sobre as mulleres a filosofía feita por homes?; que di a filosofía formulada polas mulleres?; e cal é a conceptualización do feminino segundo as propias mulleres?. Seguindo esta organización, e co obxecto de desenvolver cada unha das escenas, tománse como protagonistas tres personaxes históricos que, seguindo a mesma orde anterior, serían: Rousseau, Hiparquía de Menorea e Simone de Beauvoir.


A nivel estilístico, a peza utiliza o humor e a parodia como mellor xeito de achegar a este tipo de público o seu discurso,

sen unha vontade adoutrinante ou de mera transmisión de contidos. O fin último de todo produto cultural debe ser a de permitir a cadaquén a elaboración do seu propio razoamento crítico.
A parodia está presente a través do uso na peza de xéneros, ou subxéneros, cinematográficos que tradicionalmente contan con grande aceptación entre a adolescencia. A parodia, e polo tanto o humor, permite ao público distanciarse e tomar o aire suficiente para manter a necesaria actitude analítica de todo o que acontece sobre o palco.

En canto a cuestións estéticas, a escenografía de *Filosofar a Paus* caracterízase pola súa adaptabilidade, requisito indispensable para garantir que poda ser representada en calquera espazo escénico. Recorremos a materiais presentes en calquera aula ou centro escolar coa vontade de achegar a peza ao ambiente natural do público ao que se dirixe, fomentando desa maneira a identificación cos personaxes da actriz e do actor. Despois de todo, buscamos que os sintan como un espello, que sintan que poderían ser eles e elas quen están sobre o palco.
Con esa mesma vontade, o vestiario reproduce a vestimenta habitual de calquera adolescente mais, ao igual que no contido da peza, fuxindo de calquera tópico de xénero.



Recursos



Nome:

Lugar de nacemento:

Periodo:

Obras principais:

Cita/s:

código QR

Deputación
DA CORUÑA